



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A CAPELA (A Coruña)

Teléfono: 981 459 006 • Fax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.dicoruna.es •

www.concellodacapela.es

ORDENANZA FISCAL Nº 1, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Capítulo I.- Tipos

Artigo 1º

De conformidade co previsto no artigo 72 do RDL 2/2004, do 5 de marzo que regula o Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable neste Concello queda fixado nos términos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º

- 1.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,55%.
- 2.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,80%.
- 3.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 1,3%.

Capítulo II.- Exencións

Artigo 3º

De conformidade co previsto no artigo 62.3 do RDL 2/2004 do 5 de marzo que regula o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, en razón de criterios de eficiencia, economía na xestión recadatoria do imposto establece as seguintes exencións:

A) Bens Inmobles de Natureza Urbana:

- 1.- Gozarán de exención os inmobles de natureza urbana que teñen unha cota líquida que non superen a contía de 2,70 euros.
- 2.- O novo Centro de Saúde do Concello da Capela, de titularidade pública da Xunta de Galicia.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A CAPELA (A Coruña)

Teléfono: 981 459 006 • Fax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.dicoruna.es •

www.concellodacapela.es

B) Bens Inmobles de Natureza Rústica:

Gozarán de exención os inmobles de natureza rústica que teñan unha cota líquida que non supere a contía de 1 euro.

Capítulo III.- Bonificacións

Artigo 4º

As bonificacións obrigatorias serán as establecidas nos apartados 1, 2 e 3 do artigo 73 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que regula o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenza a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.